

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

CONTRATO DE SERVIZOS DA "ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 DE XUVIA DO CONCELLO DE NARÓN"

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente documento é establecer as condicións que regulan a prestación do servizo de xestión da "Escola Infantil 0-3 de Xuvia do Concello de Narón", nos termos descritos no presente prego e no prego de cláusulas administrativas particulares, que se prestará no local emprazado para tal fin no edificio sito en Santa Rita – Xuvia, Narón.

A prestación do servizo comprenderá a atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos (aquelas accións ou prestacións de contido educacional, vencellados ó nivel de ensino regulado pola lexislación vixente como educación infantil ou preescolar, así coma ó arriquecemento antropolóxico-cultural, psicomotriz ou afectivo-emocional das persoas; dirixidos e executados por profesionais cualificados a nivel pedagóxico nun plan de estudos ou titulacións das Ciencias da Educación. Teñen un contido, estrutura e metodoloxía didáctica, empregan para o seu desenvolvemento tecnoloxía educativa, e están tipificados na normativa específica de educación); como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación do Concello de Narón, todo elo de acordo coa normativa estatal e autonómica en vigor, na que se incluírán os servizos loxísticos, de xestión e complementarios (aquelas accións ou prestacións de carácter organizativo, de apoio ós outros servizos complementarios que posibilitan unha óptima execución e prestación do servizo da escola Infantil. Están desempeñados por persoal cualificado e acreditado coas titulacións específicas que se relacionan no cadro de persoal. A súa metodoloxía e medios auxiliares cumpren os requisitos esixidos pola normativa aplicable en materia de administración, xestión contable, seguridade social, sanidade, transporte, prevención do risco e seguridade, e canta lexislación sexa aplicable) e os servizos de mantemento: (todas aquelas accións ou prestacións de limpeza, reparación, fornecemento de alimentos, de combustible, de fluído eléctrico, comunicación telefónica, auga, evacuación de augas residuais, e similares necesarios para un correcto funcionamento cotián das edificacións, instalacións, equipamentos, e mobiliario da escola).

O adxudicatario poderá prestar igualmente outros servizos/actividades extraescolares e/ou socioeducativos, entendidos como aquelas accións ou prestacións de garda e custodia, punto de atención á infancia, actividade ludotecaria, de comedor escolar e similares regulados pola normativa aplicable en materia de escolas infantís, de conciliación laboral e familiar, de igualdade entre mulleres e homes, e concordantes; outros de contido extraescolar e/ou

socioeducativo cunha finalidade educativa non regrada, dirixidos a divulgar, e coñecer aspectos da crianza saudable dos nenos e nenas, fomento de habelencias educativas das nais e pais, incentivar o mundo relacional entre nenos/as e familias, desenvolver metodoloxías activas como ás escolas de nais-pais, actividades non docentes. Serán dirixidos e desenvolvidos por profesionais cualificados no ámbito das titulacións das familias das Ciencias da Educación, Psicoloxía, Ciencias de Saúde e similares. Teñen no contido estrutura e metodoloxía didáctica e empregarán no seu desenvolvemento tecnoloxía educativa, divulgativa e informativa.

Tamén comprenderá a administración do centro baixo a coordinación co Concello de Narón.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA ESCOLA INFANTIL:

1.- Capacidade.

A capacidade do centro é a seguinte:

Número de unidades:6 Total 82 prazas en presenza simultánea e 164 a media xornada.

Tramos de idades de cada unidade e número máximo de prazas de cada unidades:

2 unidades (0-1 anos) 8+8 prazas
2 unidades (1-2 anos) 13+13 prazas
2 unidades (2-3 anos)20+20 prazas

Non obstante a capacidade do centro, poderán abrirse 3 ou menos unidades, tendo en conta que o curso escolar 2014 – 2015 xa ten iniciado e podería non haber demanda suficiente para a capacidade do centro.

2.- Horario e calendario.

O centro abrirá un mínimo de 8 horas diarias en xornada continuada ou partida, cinco días á semana, de luns a venres, durante o período do contrato, salvo causa xustificada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

- Prestar, nos termos que se recollen neste prego de prescricións técnicas e o de cláusulas administrativas particulares, así como nos que se recollen no Proxecto Educativo de Centro e no Regulamento de organización que obrigatoriamente presentará a empresa licitadora, o servizo integral de atención especializada a nenos e nenas entre os 0

e os 3 anos de idade. A dita prestación realizarase no horario, edificio e período que se determinan na prescrición segunda do presente prego.

- Prestar o servizo de comedor, sexa con persoal e elaboración propios, ou servizo de catering, ás nenas e nenos matriculadas/os na escola.
- Contratar, nos termos que se recollen no presente prego, o persoal necesario para a axeitada prestación dos servizos.
- As tarefas administrativas de preinscrición e matriculación de nenos/as no modelo normalizado que se determine ao efecto por parte da Administración.
- Elaboración dos listados mensuais de usuarios, con detalle da cota mensual a pagar e do número de conta bancaria, que deberán ser remitidos ao Concello nos cinco días primeiros de cada mes para proceder á remisión dos mesmos á entidade financeira correspondente.
- Subscribir unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e outra de accidentes en contía suficiente para garantir a cobertura de danos por sinistro e das eventuais indemnizacións ós/as usuarios/as.
- Levar un libro de rexistro de usuarios e un libro de reclamacións de acordo co regulado no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Presentar ante o Concello de Narón a memoria do centro así como as previsións de modificación do proxecto educativo.
- Garantir o cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal e as súas normas de desenvolvemento, respecto dos datos aportados durante o proceso de adxudicación de prazas, así como outros de carácter confidencial. Estes datos en ningún caso se utilizarán para fins distintos dos establecidos. Rematado o prazo contractual ou extinguido o contrato, a persoa responsable do centro non poderá conservar ou divulgar copia algunha dos ficheiros en calquera dos soportes existentes.

RECURSOS DE PERSOAL:

A empresa adxudicataria deberá dispoñer en todo momento do persoal suficiente para a prestación do servizo, na forma, coas retribucións, categorías profesionais e condicións laborais que se establezan na lexislación laboral



Relativas á Seguridade Social, Seguridade e Hixiene no Traballo, e particularmente no Convenio colectivo que lle sexa de aplicación.

O equipo educativo deberá respectar a ratio correspondente ao establecida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, que se relacionan:

- Persoal educativo: o seu número corresponderase co número de unidades en funcionamento do centro máis un (Persoal de apoio). Contarán con titulación de psicopedagogía, pedagogía, maxisterio en educación infantil ou técnico superior en educación infantil ou equivalente.
- Existirá unha dirección do centro que recaerá nalgunha das persoas membros do persoal educativo coa titulación de licenciada/o ou mestra/e especialista en educación infantil ou equivalente.
- Persoal de apoio: existirá cando menos unha persoa de apoio no centro, coa titulación que a normativa de referencia autorice.
- Persoal de servizos: a empresa adxudicataria deberá contar co persoal de cociña cualificado e necesario para a prestación do servizo de comedor e de limpeza necesario para manter as dependencias do centro en perfectas condicións hixiénicas.

A adxudicataria terá ao seu cargo a organización, xestión e dirección do persoal contratado ao efecto sen que isto supoña vínculo laboral algún do persoal con Concello de Narón, quedando este exonerado de calquera responsabilidade que puidese xerarse entre o dito persoal e a empresa.

Polo que respecta á provisión de vacantes de persoal producidas por baixas no seu cadro de persoal, a adxudicataria aterase á normativa vixente e comunicará á Inspección de centros tódalas variacións que se produzan no seu cadro de persoal ó longo da vixencia do contrato no prazo máximo dun mes.

A empresa adxudicataria queda obrigada, así mesmo, a contar cun Plan de actuación para casos de emerxencia pre que presentará na Inspección de centros xunto co resto da documentación requirida.

O persoal de cociña deberá contar co certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos. O resto do persoal deberá acreditar coñecementos básicos en manipulación de alimentos.

Todo o persoal de atención directa deberá acreditar, así mesmo, coñecementos básicos en primeiros auxilios.

RECUROS MATERIAIS:

O Concello de Narón proporcionará as instalacións e a dotación de equipamento e de material didáctico de carácter inventariable necesarios para o correcto funcionamento do servizo.

Pola súa parte, correspóndelle á empresa adxudicataria responder do bo uso das instalacións, do equipamento e do material educativo cedido pola Administración, e facerse cargo de:

- Adquisición de material didáctico necesario para o desenvolvemento do PEC.
- Reposición ou renovación do material didáctico existente, de ser o caso.
- Reposición de hamacas, camas, berces, tronas ou cambiadores deteriorados polo uso.
- Reposición de roupa e equipamento de berces e hamacas (fundas, edredóns, mantas, sabas, colchóns, colchonetas) cando sexa preciso.
- Reposición de vaixela e menaxe de cociña cando sexa necesario.
- Reposición ou dotación, no seu caso, de pequenos electrodomésticos (batidoras, microondas, quentabiberóns deteriorados polo uso.
- Reparacións básicas e mantemento ordinario do conxunto das instalacións, agás aquelas que correspondan a elementos estruturais do edificio.
- Reparacións básicas e mantemento ordinario de mobiliario e electrodomésticos maiores.
- Material de oficina.
- Material funxible ordinario.
- Limpeza das instalacións de acordo coa natureza do servizo.

Os materiais repostos pola adxudicataria quedarán ao remate do contrato en posesión do Concello de Narón.

OUTRAS OBRIGAS:

A empresa adxudicataria estará obrigada a cumprir en tódolos seus extremos coas normas xerais contidas neste prego, así como aquelas outras referidas ao Plan Educativo do Centro e a o RRI. Igualmente deberá facerse cargo do cálculo das cotas a satisfacer polas familias, segundo a Ordenanza Fiscal Municipal nº 18 para as Escolas Infantís Municipais.



A empresa adxudicataria axustarase en todo o no que non se contradiga co presente prego e o prego administrativo ao Regulamento das Escolas Infantís Municipais, tendo en conta a modificación en tramitación.

Así mesmo, estará obrigada a colaborar co concello de Narón en aquelas actividades que se poidan programar para os/as usuarios/as da escola infantil, ao marxe do PEC, sempre que non sexa incompatible coa actividade contratada.

Remitir cantos informes sexan requiridos polo Concello de Narón en materia de escolas infantís 0-3 en relación coa xestión do servizo.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE NARÓN

1.- Facerse cargo da adxudicación de prazas, e convocatoria, se é o caso, en canto aos procedementos de ingreso, publicación de listas e resolución de reclamacións, en directa colaboración coa dirección da escola infantil. O Concello procederá á adxudicación de prazas segundo as listas de espera "A" e "B", por orde, en función da compatibilidade da xornada elixida e a dispoñible na Escola Infantil. As restantes prazas adxudicaranse por orde de solicitude, previa convocatoria pública.

2.- Facerse cargo do cobro da taxa ás familias.

3.- Dotar á escola infantil das instalacións e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do servizo. A tal fin no momento da formalización do contrato entregarase ao adxudicatario o inventario de mobiliario e de material didáctico de carácter estrutural.

4.- Obras de reforma, adaptación, modernización ou reforzo do inmovible.

5.- Obras de reparación necesarias para arranxar danos producidos no inmovible por causas fortuítas ou accidentais, cando afecten a súa estrutura ou ao funcionamento xeral do servizo.

6.- Arranxos derivados da revisión obrigatoria e mantemento correctivo e preventivo dos aparellos e instalacións xerais: instalación eléctrica, extintores, alarmas, calefacción.

7.- Gastos derivados das actividades programadas para as/os usuarias/os que non estean expresamente recollidas no PEC.

8.- Gastos de subministro de enerxía eléctrica e telefonía.



QUINTA.- SEGUIMIENTO TÉCNICO DO CONTRATO

O Concello de Narón realizará o seguimento do contrato e o seguimento da xestión da escola infantil. A tal fin solicitará á adxudicataria cantos documentos e informes resulten necesarios para que os recursos materiais, humanos e

funcionais se axusten á oferta presentada e ás prescricións técnicas do presente prego.

Narón, a 1 de setembro de 2014.

O Alcalde.

Asdo.- José Manuel Blanco Suárez.